



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

**Existe a voz media? Unha cala sobre a existencia da diátese media en galego
a través das anticausativas e asertivas**

Facultade de filoloxía

Grao en galego e portugués: estudos lingüísticos e literarios

Traballo de fin de grao

Alejandro Vázquez Fabeiro

Titor: Xoán López Viñas

LOPEZ VIÑAS
XOAN LUIS -



23/06/2023

Índice

1. Introducción.....	4
2. O estudo da medialidade nos estudos gramaticais	9
3. As medias anticausativas	16
4. As medias asertivas.....	25
5. Conclusións.....	35

Resumo

Na gramática, como noutros saberes, a sistematización é útil e en ocasións necesaria. A lingüística parte de propostas binarias como a natureza do signo lingüístico, composto por un significado e un significante que, en moitos casos actúan por separado, o que levou á tradición gramatical a estudar por un lado a forma e por outro o contido; porén, a súa conexión non sempre foi materia de estudo. Unha entidade lingüística como é a diátese é un expoñente desta conexión e, por iso, cómpre entendela en relación coa estrutura argumental do predicado, en liña coas propostas do funcionalismo e da gramática de valencias.

Con todo, é recorrente neste ámbito de traballo unha dicotomía, novamente, binaria que considera dúas opcións para a expresión da diátese: a voz activa e a voz pasiva. A diátese media propón unha alternativa que é definida por trazos sintácticos e semánticos que non se corresponden con calquera das voces canónicas. Analizar as manifestacións estruturais da diátese media en galego é o obxectivo destas páxinas.

Para esta empresa será necesario fixar unha concepción de diátese media para seguir, unha meta que resulta, de entrada, complexa, pois na bibliografía especializada non existe consenso sobre a súa definición, status, representación ou, mesmo, existencia; en especial para as correntes estruturalistas. A isto cómpre engadir a complicada natureza diacrónica deste problema e a escaseza de recursos que traten a diátese media en galego porque, como se pretende mostrar, as construcións medias en galego teñen características de seu.

Dentro do conflito existente, este TFG segue unha concepción da voz media que permita a conexión que representa o termo diátese entre forma e contido. Por esta razón, consideramos que a diátese media ten trazos sintácticos como a derivación motivada pola alternancia

causativa que resulta nunha redución valencial e trazos semánticos como a necesidade de o suxeito non ser axentivo, isto é, que non teña control sobre o evento que designa o predicado.

Consecuentemente, tras elaborar un estado da cuestión que constrúa a referida concepción sobre a diátese media, seguirase a proposta de Cidrás Escáneo (2003) en coherencia co exposto para formular a existencia de dúas construcións representativas da diátese media en galego: as anticausativas, para designar procesos que acontecen de forma “espontánea”, e as asertivas, que predicán estados que reflicten unha calidade inherente dunha entidade que funciona como suxeito.

Nesta aproximación á diátese media, as referidas construcións protagonizan un traballo que segue unha metodoloxía que procura combinar estudos gramaticais como Freixeiro (2000), Álvarez & Xove (2002), Cidrás (2003), Mendikoetxea (1999a-b), Duarte (2013), *NGLE* (2009), Camacho (2003), Perini (2005) ou Duarte (2005) entre outros; e, por outro lado, ampárase no uso do corpus CORGA para tirar exemplos que tentan ser o máis representativos posíbeis desta diversidade de construcións.

Finalmente, tíranse conclusións relacionadas coa heteroxeneidade destas construcións, o que, en certo modo, orixinou esta falta de consenso no sector especializado, así como tamén a necesidade dunha proposta para a diátese media nas gramáticas galegas, porque representa certas características propias do galego-portugués cal a ausencia ou presenza do clítico, un trazo que outorga singularidade no panorama romance e reforza a unidade lingüística do espazo galego-portugués.

1. Introducción

Do mesmo xeito que unha mesma realidade pode ser representada –tras ser percibida e interpretada– de maneira diferente segundo as persoas, tamén na gramática unha mesma realidade pode ser representada lingüisticamente mediante esquemas diferentes. No caso dos tipos de oracións con base na estrutura argumental dos verbos plenos e nos argumentos que eses verbos seleccionan para suxeito da oración (isto é, con base na diátese), a configuración mental da situación descrita ou do proceso enunciado polo verbo pode ser representada mediante esquemas diatéticos distintos: construcións activas, pasivas e medias.

A importancia e necesidade da achega da gramática de valencias á reflexión lingüística xeral, xunto co auxe da integración das funcións semánticas e informativas coas funcións sintácticas, por fin implementado efectivamente nas últimas gramáticas institucionais do portugués (como a da Fundação Calouste Gulbenkian, de Raposo *et al.* 2013a, 2013b, 2020) e do español (como a da RAE coa súa NGLÉ), recollendo os froitos de traballos previos –froitos que tamén incorporaban timidamente as gramáticas galegas de Freixeiro Mato (2000) e de Álvarez & Xove (2002), se ben timidamente–, provocou unha revisión de certos aspectos gramaticais, entre eles o da diátese ou voz. A este respecto, cómpre aclarar xa agora que hai estudos que distinguen entre un e outro termo, definindo *diátese* como xa se avanzou anteriormente e *voz* como as manifestacións morfolóxicas e sintácticas da *diátese*, isto é, “los exponentes de la flexión verbal que vinculan las funciones sintácticas de los verbos con las semánticas” (NGLÉ, §41.1a), en canto outros gramáticos fan un uso máis sinonímico de ambos.

O presente Traballo de Fin de Grao (TFG) procura analizar as manifestacións da diátese media na gramática galega para reflexionar sobre a súa existencia, xa que sempre foi obxecto de polémica na lingüística románica (como se apuntará resumidamente *infra*), e, nese caso, cales serían as condicións necesarias que se poderían ter en conta para considerar este tipo de

construcións medias, co fin último de as poder incorporar de xeito eficiente nos estudos lingüísticos galegos. Por tanto, este TFG constitúe a primeira cala global sobre as construcións medias en galego, con especial atención ás anticausativas e asertivas, un dos tipos de medialidade que desenvolveremos en pormenor, pois nos estudos gramaticais galegos só aparecen referencias puntuais á voz ou diátese media.

Así, por un lado, na gramática de Freixeiro (2000) apenas existen referencias á concepción voz media, mais estúdanse aspectos moi relacionados con ela como son a ergatividade, as construcións inacusativas ou as funcións semánticas e informativas. A gramática Álvarez & Xove (2002), pese a non dedicar un apartado específico para a diátese, ao explicar as funcións semánticas, si se realizan referencias á diátese media, como se exporá na epígrafe seguinte. Por outro lado, existen artigos específicos e parcelares relacionados coa diátese no galego, como a achega de Frías Conde & López Silva (2001) mediante os tipos de *se* ao referir a actuación deste clítico para a supresión valencial en “estruturas medias” (2001: 137). Nesta liña, Cidrás Escáneo (2001) formula características diverxentes entre as construcións medias e impersoais para o galego e, posteriormente, noutro artigo (2003) céntrase na alternancia causativa e no proceso de detransitivación para propor as construcións que representan a diátese media en galego.

A representación da diátese ten as súas orixes xa no grego, pois a realización media dos verbos estaba marcada por desinencias propias dunha conxugación media, o aoristo, que “conlleba sempre un modo de participación del sujeto en la acción del verbo” (Monge, 2002: 344). A realización da diátese media era de índole morfolóxica mediante desinencias verbais como *-μαι* ou *-μην*, formas en oposición “la voz media del griego se oponía a la activa por caracterizar el sujeto con un rasgo de ‘afección’” (Jiménez Juliá, 2015: 4). Deste binarismo no grego, pódese afirmar que a voz media é o antecedente da voz pasiva que derivou desta por unha vía semántica “se produce un paso gradual del esquema "sujeto hace" a un esquema "sujeto experimenta" →

"sujeto padece"" (Azpiazu Torres, 2004: 11). Noutras palabras: “la pasiva surge cuando la afección del sujeto lleva aparejada la existencia de un agente necesariamente externo a él” (Jiménez Juliá, 2015: 6).

Ora ben, esta situación comeza a mudar no latín cos chamados “verbos depoentes” que “habían perdido la oposición con la voz activa y solo se conjugaban en voz media” (Jiménez Juliá, 2015: 5), isto é, a diverxencia pasa de ser morfolóxica (no grego) a léxica, pois a etiqueta “depoente” pasa a delimitar un tipo de verbo, con consecuencias –iso si– morfolóxicas. Estas desinencias en *-r* aplicadas aos verbos depoentes foron adquirindo un amplo abano de contidos diatéticos, polo que nace unha ambigüidade semántica entre unha interpretación media ou pasiva motivada por este fenómeno de sincretismo formal (Monge, 2002: 343).

Ante esta ambigüidade, a lingua foi xerando procedementos analíticos que representasen a participación do suxeito no sentido medio como a extensión no uso do ablativo axente ou a inserción dun pronome reflexo (Frías Conde & López Silva, 2001: 139). Todo isto situou “la acepción pasiva como la más habitual” para os verbos depoentes (Jiménez Juliá, 2015: 6). Por esta razón, en determinada altura do latín, pódese afirmar a perda do carácter medio dos verbos depoentes e, así, varias posturas coinciden en os definir como unha clase de verbos con “forma pasiva, pero significación activa” (Ferreiro, 1999: 285).

Para esta mudanza se producir, Monge (2002: 343) considera nuclear a expansión do pronome reflexivo (tamén vinculado pola afectación do suxeito) para os usos en construcións con suxeitos inanimados, o que impedirá esa interpretación reflexiva que, para parte da bibliografía, suporá a orixe das representacións da voz media no espectro da diátese. Así, na pasaxe ás linguas romances, os verbos depoentes desapareceron como tal, restando aínda verbos de *media tantum*, que referiremos posteriormente como “medias nocionais”, e a pasiva orixinou formas propias como a pasiva perifrástica. En troca, a diátese media fica sen medios exclusivos para a

súa manifestación formal, mais o clítico *se* constituirá un indicador desta, entre outros moitos valores semánticos e estruturais (Jiménez Juliá, 2015: 8). Porén, a medialidade, polo menos no sentido máis nocional, non pode desaparecer, polo mesmo motivo que o non fixo desde as súas orixes, xa que “sigue vigente dada la importancia del antropocentrismo en la lengua y el deseo de resaltar los efectos de la acción verbal en el propio hablante” (Jiménez Juliá, 2015: 11).

Por este motivo, a diátese constitúe para autoras como Martín Zorraquino (1979: 47) “un universal lingüístico” común na familia das linguas indoeuropeas, pois tamén existen vestixios da diátese no sánscrito (Frías Conde, 2006: 215). Así, diátese é común nas linguas románicas, mais a representación da voz media nestas adoita ser baseada de forma xeral no pronome reflexo aplicado a entidades inanimadas “La voix moyenne existe dans toutes les langues romanes. Elle est en général formée avec le morphème *se*” (Frías Conde, 2006: 217); así sucede no italiano (*La sedia si è rotta*), no español (*La silla se rompió*), no catalán (*La cadira es va rompre*) ou no francés (*La chaise s'est cassée*). Porén, o galego e o portugués mostran unidade fronte esta construción analítica ao permitiren unha manifestación non pronominal (*A cadeira quebrou*), trazo que partillan co inglés (*The chair broke down*).

Con todo, como se verá, a noción de diátese resulta polémica na actualidade para o sector especializado, pois non hai consenso na súa definición, sobre a súa autonomía nin, mesmo, sobre a súa existencia a nivel formal. Por un lado, as posturas máis estruturalistas rexeitan as manifestacións da diátese no plano lingüístico e remiten o seu influxo a un ámbito contextual ou discursivo. Por outro lado, existen varios estudos que defenden a influencia da diátese no nivel semántico e formal atendendo a criterios como a alternancia causativa, a inserción dun pronome reflexivo, o trazo [+ afectado] no suxeito gramatical e as mudanzas provocadas na estrutura valencial do predicado, habitualmente relacionadas coa supresión do axente.

Para realizar este estudo, a metodoloxía que seguiremos baséase nunha revisión e contraste da bibliografía especializada sobre a cuestión da medialidade e, unha vez delimitadas as características da voz media, serán expostas as súas manifestacións formais en dúas construcións, seguindo a proposta de Cidrás Escáneo (2003): a media anticausativa e a media asertiva¹. Alén disto, será empregado o *Corpus de Referencia do Galego Actual* (CORGA), que está formado por unha colección documental de distintos tipos de textos (xornais, semanarios, revistas, blogs, ensaios e textos de ficción, como novelas, relatos curtos, obras de teatro e guiños televisivos) representativos do uso da lingua galega actual desde 1975 até hoxe en día. O uso do CORGA serve para a selección de exemplos tirados de diversos xéneros textuais que avalen un funcionamento da diátese media rexistrado no uso actual da nosa lingua, polo que faremos unha selección que procura ser representativa das ocorrencias que devolve este corpus textual tras a selección dos candidatos posíbeis a formaren unha construción media, mediante a procura de verbos intransitivos (que constan dunha variedade transitiva) sempre conxugados en P3 ou P6; ora ben, como o estudo non pretende ser cuantitativo, no corpo do traballo serán tomados os exemplos de maior interese para explicar as características que as construcións presentan (as restantes ocorrencias que poderían ser obxecto de estudo para o TFG figuran no anexo). Canto á codificación dos exemplos, en que se destacará o predicado que conforma unha manifestación desta diátese mediante o subliñado, farase referencia á localización no corpus do seguinte modo: CORGA, s. v. {palabra}: número de resultado devolto polo corpus [ano].

Unha vez valoradas cuestións como o concepto de diátese, a escasa atención que ten recibido nos estudos galegos, as súas orixes, a natureza diacrónica da expresión diatética e a falta de consenso sobre esta materia, pode observarse que este tema fornece moitas perspectivas de análise. Non obstante, este estudo pretende sintetizar en tres epígrafes unha achega á definición

¹ Seguirase a proposta deste autor por presentar unha ampla convivencia entre os trazos formais e semánticos no seu estudo e por desenvolver o seu traballo, en específico, no sistema galego.

da diátese media nas gramáticas e, xa fixada a concepción a seguir, analizaranse as construcións que reflicten a medialidade estrutural e nocional no galego: as anticausativas e as asertivas.

2. O estudo da medialidade nos estudos gramaticais

Como xa se adiantou, o concepto de diátese aquí seguido é o da *Gramática do Português* (Raposo *et al.*, 2013) e da *NGLE* (§ 41.1a), pois para a asunción dunha voz media na gramática galega é preciso partir dunha perspectiva que combine significado e significante, como é identificar a diátese coa estrutura argumental dos predicados. Por outro lado, o termo “voz” estaría reservado para a manifestación formal da diátese segundo a *NGLE* (§ 41.1a) e Perini (2005); porén, para gran parte da literatura (Martín Zorraquino, 1979; Mendikoetxea, 1999b e Camacho, 2003) esta diferenza é inoperante nos seus estudos. Nesta liña de indistinción áchase o dicionario da RAG, por considerar sinónimos ambos os termos.

Forma en que pode empregarse o verbo segundo a acción verbal sexa realizada polo suxeito (diátese activa) ou sexa recibida por el (diátese pasiva) (DRAG, *s. v. diátese*).

Tal definición presenta problemas para considerar que as operacións da diátese actúen na gramática estrutural, pois remite o seu plano de actuación exclusivamente ás funcións semánticas. Alén disto, esta concepción realiza unha segmentación binaria entre a diátese activa e a pasiva, rexeitando, de entrada, a existencia dunha diátese media. En troca, o *Dicionário Estraviz*, a pesar de seguir a mesma óptica que a da RAG, inclúe unha terceira voz ou diátese:

Aspeto ou forma com que um verbo indica a ação como praticada pelo sujeito (voz ativa), ou por ele recebida (voz passiva), ou simultaneamente praticada e recebida por ele (voz reflexa ou média) (*Estraviz, s.v. voz*).

Esta diátese media será defendida na maior parte da bibliografía seleccionada, nalgunhas ocasións referida como “voz” (Camacho, 2003; Lima, 2021), en canto que noutras existe un maior grao de prudencia a través do emprego de denominacións máis neutras como “construcións” (Mendikoetxea, 1999b; Cidrás Escáneo, 2003; Perini, 2005; *NGLE*, 2009) ou “oracións” (Duarte, 2013).

Desde unha óptica estruturalista considérase que a diátese media non ten unha actuación formal no sistema galego-portugués actual por non ter unha manifestación morfolóxica, son varias as posturas que afirman que a “"medialidade" não é morficamente voz autônoma em português” (Duarte, 2005: 785). A proposta deste autor nega a existencia da voz media en portugués con base en dous criterios: a falta de gramaticalización do clítico² e a dependencia do contexto. O primeiro está relacionado cos *se* gramaticalizados como “transpositores” nas construcións impersonais e de pasiva reflexa que, por esta causa, serían analizados como pertinentes gramaticalmente, mentres que nestas construcións pronominais o clítico segue as regras habituais de colocación, como en (1)³. O segundo está relacionado co condicionamento do contexto para a interpretación semántica do enunciado como reflexiva (2) ou como media se efectuarmos mudanzas no enunciado que asignen ao suxeito o rol semántico de experimentador (*O patrón rañouse a caluga ao saír do carro*).

(1) a. Cando viu entrar a Rafael Penedo asustouse e fixo unha escena histérica (CORGA, s. v. *asustouse*: 6 [1990]).

b. Ventura quedou asombrado e aínda se asustou máis (CORGA, s. v. *asustou*: 10 [1994]).

(2) O patrón rañouse a caluga antes de volver preguntar (CORGA, s. v. *rañouse*: 1 [2001]).

Esta última crítica acostuma ser realizada por seguir unha concepción moi tradicional da diátese, que defende unha actuación unicamente semántica, como as recollidas nos dicionarios

² Como se verá, a dependencia do clítico non sempre condiciona ou caracteriza as construcións medias.

³ Este criterio é un tanto problemático, pois en galego ese *se* transpositor, aínda gramaticalizado, tamén segue as regras de colocación: *Véndense casas/Díxome que se venden casas*.

citados anteriormente, na mesma liña que segue Duarte para identificar a voz media acha que “se caracteriza por apresentar un verbo de proceso, aquele que designa una mudanza de condición ou de estado e exprime una relación entre un nome paciente e un estado” (Duarte, 2005: 788). Ora ben, para avogar pola presenza da voz media na gramática será precisa unha caracterización que comunique esta consensuada actuación semántica co plano da forma, como a de Mendikoetxea (1999a: 1653):

- (i) “la voz media sirve de expresión a una acción o proceso verbal que afecta al sujeto gramatical, que, con verbos transitivos, se corresponde con el objeto nocional (semántico) del verbo”

Esta definición engade a cuestión sintáctica da transitividade do verbo á falta de correspondencia entre as funcións sintácticas e semánticas da construción activa, de modo que xa se estaría a introducir unha restrición formal. Esta perspectiva será *grosso modo* seguida por Cidrás Escáneo (2003), e será a que estará máis presente neste Traballo de Fin de Grao; con todo, cómpre identificar outras dúas propostas para estas construcións medias:

- (ii) “se aplica tradicionalmente a los verbos intransitivos que designan cambios de estado, así como procesos experimentados por algún sujeto que no suele ejercer control directo sobre ellos” (NGLE, § 41.13c).
- (iii) “categoria flexional das línguas clásicas indoeuropeas com a função de expressar estados de coisas que afetam o sujeito do verbo ou seus interesses [...] O português dispõe de um conjunto de predicados, formalmente identificados pelo uso anafórico e não-correferencial do pronome ‘se’, em que se sustenta a noção de diátese medial” (Camacho, 2003: 91).

Á vista das tres definicións, (i) serviría para determinar, no mínimo, como medias as construcións (4)-(8), pois o caso de (3) presenta un verbo intransitivo, non referido nese

parágrafo. En troca, (ii) xustifica a diátese media en todos os casos (3), (4), (7) e (8)⁴, nos exemplos (5) e (6) o suxeito sintáctico tamén é o nocional, isto é, controla a acción. Por último, (iii) consideraría construcións medias (4) e (6), por seren as únicas pronominais non correferentes.

- (3) Os dous homes que estaban sobre ela caeron no medio das cachoeiras e desapareceron entre os remuíños (CORGA, s. v. *caeron*: 33 [1988]).
- (4) Papá enfadouse moito cando viu unha nova que saíu estes días (CORGA, s. v. *enfadouse*: 40 [2017]).
- (5) Cristian vestiuse e marchou sen ducharse (CORGA, s. v. *vestiuse*: 66 [2018]).
- (6) Papá Miguel ergueuse da cadeira e dixo que se ía deitar un pouco (CORGA, s. v. *ergueuse*: 756 [2017]).
- (7) A corda rompeu e, como un látego, partiulle o pescozo (CORGA, s. v. *rompeu*: 422 [2013]).
- (8) Pero estas sustancias ferven a temperaturas moito máis altas (CORGA, s. v. *ferven*: 3 [1989]).

Esta última concepción é seguida por parte da gramática española para unha ampla gama de construcións; Heredia (1998: 551) considéraas “un subgrupo del conjunto más amplio de las construcciones pronominales”. Con todo, esta posición non funciona igual no sistema lingüístico galego-portugués, pois a presenza do clítico non é obrigatoria en casos como (7). Non parece apropiado considerar a oración *A corda rompeuse* como media e *A corda rompeu* non. O motivo de soste o facto de o pronome limitar a voz media en portugués pode estar representado por unha das críticas que dirixe Perini ao estudo de Camacho: “só leva en conta dados do português padrão escrito, o que significa que ele não considera a possibilidade de frases como *o gelo derrete* (ao lado de *o gelo se derrete*)” (Perini, 2005: 28).

⁴ A afirmación reside en partir da premissa de que estes verbos, a pesar de ofrecer unha construción ás veces transitiva, nestes casos son intransitivos.

As concepcións (i) e (ii) son referidas polo seguinte trazo semántico que partilla unha grande cantidade de bibliografía sobre a diátese media: o trazo [+afectado] do suxeito gramatical (Mendikoetxea, 1999b). Isto permite unha consideración da voz media en sentido lato que incluíría desde as oracións reflexivas ás pasivas dentro do espectro da diátese seguindo a seguinte lóxica: “el rol del experimentante es, por tanto, un punto de culminación en el proceso diatético que lleva al sujeto de ser el controlador de su acción a perder el control sobre ella” (Azpiazu, 2004: 13).

Neste TFG seguirase a idea de suxeito experimentador como principio semántico definatorio da voz media; por tanto, as construcións reflexivas como (5) (*vestiuse e ducharse*) ou outras pronominais axentivas como (6) (*ergueuse e deitouse*) fican fóra da proposta aquí seguida por non seren involitivas e o suxeito controlar acción.

A seguir, para delimitar as características das construcións medias formuladas neste estudo cómpre usar a diferenza observada por Mendikoetxea (1999b: 1640) entre medias nocionais e formais. Para esta autora, exemplos como (3) (*caeron e desapareceron*) serían medias nocionais, pois o suxeito sería sempre o único argumento e funcionaría semanticamente como experimentador do mesmo modo que en predicados como *nacer, morrer, arder, florecer...* Porén, os exemplos (5), (7) e (8) serían representacións da diátese media tanto no formal como no nocional, e serán os que reclamen a atención de Cidrás (2003) por seren verbos de alternancia causativa, bivalentes e transitivos na construción activa e monovalentes detransitivados na construción media.

Este mesmo autor diferenciará dúas clases de voz media resultantes desta alternancia e considerará os exemplos (5) e (7) como medias anticausativas e o caso de (8) como unha construción media asertiva. Pode resultar útil a segmentación realizada por Álvarez & Xove

(2002: 74) dos tipos de predicados segundo as características semánticas destes, sintetizadas na seguinte táboa:

	Dinámico	Controlado
Accións	[+]	[+]
Posicións	[-]	[+]
Procesos	[+]	[-]
Estados	[-]	[-]

Así, a falta de control por parte do suxeito gramatical será o motor semántico da voz media, de modo que a súa actuación ficaría restrinxida a procesos e estados o que asignará a este a función de experimentador: “O axente é a accións o que o experimentador é a procesos e estados” (Freixeiro Mato, 2000: 688). Se o enunciado for dinámico, será un proceso e, por tanto, unha construción media anticausativa e, se o non for, será un estado, o que Cidrás (2003) considera unha media asertiva.

As gramáticas de Freixeiro (2000) e Álvarez e Xove (2002), como xa se mencionou na introdución, non precisan apenas nada sobre estas construcións. Freixeiro non refire os termos de diátese, voz ou construcións medias; isto pode deberse a unha orientación estruturalista-funcionalista na súa proposta, segundo pode verse na interpretación do participio na pasiva perifrástica como complemento predicativo (2000: 648), unha cuestión, entre outras, que partilla con certos postulados estruturalistas. Con todo, este autor reflexiona nun espazo da súa gramática sobre as funcións semánticas que define como os “procedementos utilizados para faceren patentes a substancia do significado” (2000: 689) e recoñece as seguintes: axente, causativo, experimentador, instrumental e termo. Nestas mesmas páxinas, considera o caso causativo, como será referido na seguinte epígrafe, pois será a base para a detransitivización,

como en certo modo adianta co seguinte par de exemplos: *Uxío ferve o leite/O leite ferve*, mais sen referir ningunha expresión de diátese.

Pese a non entrar en materia de diátese propiamente, ambas as gramáticas achegan dalgún modo a cuestión. Freixeiro, sen a referir, dá conta de que “non hai correspondencia biunívoca entre o conxunto das funcións semánticas e o conxunto das funcións sintácticas” (2000: 688), o que se aproxima á alternancia diatética dalgún xeito. Seguindo este facto, Álvarez & Xove (2002: 91) xa fornecen unha visión máis ampla desta falta de correspondencia a nivel oracional ou predicativo “os trazos semánticos que debe te-lo Sux., as restriccións de selección que operan en cada caso e, en definitiva, a función semántica que cumpren están fortemente determinados pola acepción do verbo e a súa construción sintáctica”.

Ora ben, a diferenza nesta segunda gramática reside na existencia da enunciación da voz media, mais de forma non pormenorizada. Con todo, achega parte da caracterización semántica, pois “o experimentador non se converte en Sux. dunha construción pasiva, senón de voz media” (2002: 100), e, mesmo, formal “na transformación de activa a pasiva o OD-Pac. admite pasar a Sux.Pac, e na da activa a media, o OD-Exp. admite converterse en Sux.-Exp.” (2002: 93). Acepcións como estas dúas últimas constitúen unha achega moi significativa por referir na gramática galega, aínda de modo colateral, a diátese media, en especial con referente sintáctico.

A seguir, estudaranse os trazos destas dúas construcións, ambas caracterizadas sintacticamente por un proceso de redución valencial (a detransitivización) e semanticamente por teren un suxeito gramatical carente de axentividade.

3. As medias anticausativas

As oracións medias anticausativas reciben esta denominación por xeraren “a impossibilidade de ocorrência nesta construción de un constituinte com o papel temático de causador intencional” (Mateus *et al.*, 1989: 216). Porén, a terminoloxía empregada para referir estas construcións é diversa e representa os diferentes trazos que as conforman; por exemplo: para Mateus *et al.* (1989: 214) estas oracións están marcadas pola supresión do caso acusativo, pois estes predicados tornan o seu argumento interno para o caso nominativo, isto é, son inacusativas. Para Mendikoetxea (1999a) estas oracións son inacusativas e tamén incoativas desde unha óptica nocional porque “ofrecen al hablante la posibilidad de que el objeto nocional sea el punto de partida del resto del enunciado” (1999a: 1586). Finalmente, para Abraçado & Vale (2014) e Perini (2005) estas construcións son ergativas desde unha perspectiva máis pragmática “entende-se ergatividade como um mecanismo da cognição por meio do qual se omitem ou se enfraquecem as causas dos eventos narrados” (Abraçado & Vale, 2014: 127) o que implicará “atribuir ao sujeito o papel semântico de tema” (Perini, 2005: 14).

Como indican todas estas propostas, as construcións aquí analizadas estarán marcadas por unha serie de trazos sintácticos, semánticos e, mesmo, pragmáticos que dotarán de certa unidade como conxunto a exemplos como (7) e os seguintes:

(9) A cabra turrou contra o cadro e este rachou (CORGA, *s. v. rachou*: 25 [1993]).

(10) O capitán Sousa afogou naquel naufraxio (CORGA, *s. v. afogou*: 68 [2009]).

(11) Caeu de alí arriba e matouse na cuberta do barco (CORGA, *s. v. matouse*: 16 [2000]).

(12) A expresión do conselleiro, virtual 'delfin', case non mudou (CORGA, *s. v. mudou*: 91 [1995]).

(13) Case todas as cerdeiras secaron (CORGA, *s. v. secaron*: 6 [1995]).

(14) A burbulla explotou e deixou unha gran cantidade de residuos (CORGA, s. v. *explotou*: 40 [2015]).

(15) Cando Frolinda soubo do horrendo crime toleou (CORGA, s. v. *toleou*: 69 [2013]).

(16) Demetrio aledouse de ter entre mans a bolsa de A Librería (CORGA, s. v. *aledouse*: 32 [2008]).

Os predicados subliñados de (9)-(16) son ergativos, isto é, resultantes da alternancia causativa. Estes verbos ofrecen unha manifestación media e intransitiva, representada nos exemplos, mais tamén poden ter unha representación activa transitiva (*A cabra turrou contra o cadro e rachouno, A nova case non mudou a expresión do conselleiro, Saber o horrendo crime toleou a Frolinda...*). Desde a semántica pode considerarse que a oración transitiva funciona segundo este esquema de diátese activa en que “o argumento externo agente ou causa surge alinhado com a función de suxeito e o argumento interno assume a función de complemento directo” (Duarte, 2013: 450), de xeito que se identifican dúas valencias, unha interna e unha externa.

Reparando nisto, cómpre destacar que nos predicados transitivos de acción son precisas restricións de carácter semántico, como o trazo [+ causativo] para permitiren a alternancia, pois “non tódalas accións teñen carácter causativo: toda acción provoca un cambio de estado de cousas (...), pero só algunhas accións son causa desencadeante dun proceso” (Cidrás Escáneo, 2003: 93).

O suxeito destes predicados activos é causativo porque “é o elemento que desencadea unha acción, podendo ser outro o axente”⁵ (Freixeiro Mato, 2000: 688). Así, as entidades causativas son responsábeis da acción, mais non realizan o proceso; por exemplo: na correspondente oración activa de (15) (*Saber o horrendo crime toleou a Frolinda*), o facto de saber o crime fai tolear a Frolinda, mais é esta a que sofre o proceso de tolear, isto é, fica tola. A supresión do

⁵ Aquí cómpre engadir que se entende por axente o elemento que sofre a acción verbal, pois, no exemplo fornecido por Freixeiro (*Uxío ferve o leite*), este considera que *Uxío* é causativo e *o leite* é termo, xa que quen ferve non é Uxío, senón o leite, que na construción anticausativa sería experimentador.

elemento causativo (axente ou causa) xera “una variedade monoargumental, em que o argumento interno ocorre alinhado com a função de suxeito e o argumento externo non é realizado” (Duarte, 2013: 450) e, en consecuencia, orixínase unha redución valencial que suprime este elemento causativo, externo á predicación e que o sitúa na posición deste.

No relativo á semántica do verbo, xa foi referido que existe unha pasaxe das activas transitivas ás medias detransitivadas, pois o predicado muda de ‘acción’ a ‘proceso’ debido a que “a relación existente entre ámbolos correlatos é do tipo causa resultado” (Cidrás Escáneo, 2003: 90). Por exemplo, en (13), o foco da variante activa é a causa (*Os intensos días de calor secan case todas as cerdeiras*); porén, na construción media o foco é esa entidade afectada polo predicado de forma que xa aparece como un resultado do proceso verbal (*Case todas as cerdeiras secan*).

Esta semántica que marca os predicados como procesos e os suxeitos como resultados implica tres trazos caracterizadores fortemente vinculados destas construcións: a espontaneidade, o aspecto perfectivo e a xa referida falta de axentividade.

A espontaneidade está motivada pola supresión do elemento causativo, e é por iso que os eventos acontecen “sin la aparición de un agente o causa externa, independientemente de que en el mundo real sea posible atribuír una causa concreta a la eventualidad que expresa la oración” (Mendikoetxea, 1999a: 1586). Isto deixa varias posibilidades para a súa interpretación: coñécese a causa, mais estase a topicalizar o argumento interno en (9) e (16), a causa natural pode ser interpretada con facilidade, ben pola natureza léxica do verbo en (10) ou ben por elementos contextuais do predicado en (11); outras veces a espontaneidade é presentada por descoñecer a causa, como en (13) e (14), pois as cerdeiras poden secar por culpa do clima, dunha peste ou, no caso de (14), a burbulla pode explotar de seu, por causas naturais ou pola acción dun axente animado.

A espontaneidade en que acontecen os eventos que presentan resultados están delimitadas no tempo, nunha manifestación culminativa: “o verbo de una oración transitiva prototípica codifica um evento limitado, completo que ocorre num tempo real” (Abraçado & Vale, 2014: 128). Consecuentemente, os verbos só admiten ser expresados cun aspecto perfectivo; así, todos os verbos dos exemplos (9)-(16) están en pretérito e serían posíbeis outros tempos perfectivos (*Demetrio aledárase*), mais non serían admitidas realizacións imperfectivas, pois suspenderían o dinamismo que caracterizan estas construcións (*Case todas as cerdeiras secan, A burbulla explotará*), debido a que estas accións non sucederían e a relación causa-resultado non estaría representada.

Esta espontaneidade é causa e consecuencia da perda de axentividade ou control do proceso por parte do suxeito sintáctico. Isto constitúe unha das maiores diferenzas en relación coas pasivas: “nas passivas curtas o argumento agente ou causa fica implícito, mantendo-se ativo sintaticamente, pelo que pode legitimar expressões que pressupõem um agente, como os advérbios volitivos e as orações finais” (Duarte, 2013: 452), pois nelas sempre hai un axente implícito, aínda que nas pasivas reflexas non é posíbel a súa inserción na cláusula (*Véndense casas*).

Cidrás Escáneo (2003: 91) explica esta eliminación do carácter axentivo resaltando que, aínda que o evento poida ter esta interpretación, nesta construción se presenta como non axentivo e engade que “unicamente é posible recuperalo [o axente] degradado como satélite con función de Instrumento ou Causa”. Isto pódese observar en que o complemento axente da pasiva perifrástica (*A burbulla foi explotada pola nena*) fica rexeitado nestas oracións medias (**A burbulla explotou pola nena*), aínda que pode ser representado como un adxunto (*A burbulla explotou ao tocar a parede / A burbulla explotou por culpa da nena*).

En certas ocasións inserir unha causa *allea* non é posíbel por ser unha acción orixinada no propio suxeito (Cidrás, 2003: 91), pois no exemplo (14) (*A burbulla explotou*) pode non coñecerse ou enunciarse ningunha causa, de maneira que “a variante incoativa, de algúns destes verbos admite a ocorrencia de una expresión con un significado próximo de ‘sem axuda externa’, que, de algúns modos, remete para o componente causal do seu significado” (Duarte, 2013: 452). Como proba formal disto, en español Mendikoetxea (1999a: 1586) indica a forma *por sí mismo*, en catalán Abrines (2022: 150) sinala *per si sol* e en portugués Duarte (2013: 451) identifica como proba *com* ou *por si só*; en troca, o galego verifica xenuinamente este valor en *de seu* para sinalar ‘sen axuda externa’ (*A burbulla explotou de seu*), en canto que noutros casos a inserción deste pronome pode ser de gramaticalidade dubidosa (*O capitán Sousa afogou de seu*).

O facto de o evento acontecer no propio suxeito ten provocado que diversas ópticas considerasen a voz media no mesmo grupo que a reflexiva, pois hai unha forte conexión semántica (Camacho, 2003: 95). Este autor considera que deben diferenciarse estas construcións porque as medias non admiten un suxeito volitivo e porque nas reflexivas o pronome desempeña unha función sintáctica; por tanto, o predicado é bivalente (de aí admitir *a si mesmo*), en tanto que *de seu* sería un adxunto modal. Por outro lado, Heredia (1998: 555) sinala que as únicas oracións que permiten esta ambigüidade coas reflexivas son as oracións medias pronominais con suxeito sintáctico co trazo [+animado], pois é precisado para a intencionalidade do evento.

O léxico nestes casos ten un alto valor: “el lexicón debe indicar que pueden producirse algunas modificaciones en todo verbo que contenga un Agentivo y un Objetivo” (Martín Zorraquino, 1979: 114), isto é, da supresión dun destes casos. No exemplo (11) (*matouse*) o clítico pode funcionar como pronome reflexivo de CD se o suxeito tiver rol de axente (*matarse* sería sinónimo de *suicidarse*), mais é o contexto o que identifica o carácter medio desta oración, pois

o suxeito é experimentante; así, a causa da morte é o facto de caer, un acto involuntario, en oposición a *tirarse*.

Diz Gamallo (2001: 89) refire a especialización de pares léxicos como unha cuestión que altera a ergatividade producida nestes pares, pois *morrer* expresa un predicado neutro de causa-resultado (predicado medio nocionalmente [-control]), mais a variante pronominal, segundo esta autora, marca a falta de control, xa que *matar* na acepción transitiva implica habitualmente intencionalidade (*asasinar*) e sempre causatividade: o suxeito non morre, fai morrer. Esta cuestión da especialización léxica tamén foi referida por Cidrás Escáneo (2003: 95), xa que indica que, como consecuencia da especialización léxica, existen verbos causativos que non poden ter unha manifestación media anticausativa como *asasinar, serrar, pintar, morder* ou *ler*; nestas oracións para a destopicalización empregáranse a pasiva reflexa ou perifrástica, pois nestes casos a entidade afectada non sería un experimentador, senón un paciente, debido a que a acción está destinada a se realizar nesta entidade.

Como xa foi referido na introdución, o clítico supón para gran parte da bibliografía un elemento axial para referir a medialidade formal e nocional, como resultado da alternancia causativa. Isto garda unha estreita relación coas formas inacusativas, xa que a presenza do clítico rexeita o CD, moitas veces en prol dun suplemento que funciona semanticamente como causa, como no caso (16) (*aledouse de*). Para Freixeiro Mato (2009: 84) moitos destes casos de alternancia indican que o clítico é un “formante léxico” e recolle pares mínimos en que o significado léxico muda (*despedir/despedirse*), recoñecendo outros como o exemplo (10) (*afogou*), que afecta á intencionalidade do suxeito, pois na forma non pronominal (sen CD) o suxeito afoga accidentalmente (experimentador) e na forma pronominal existe intencionalidade ‘enfocarse voluntariamente’.

O léxico representa unha cuestión axial para os estruturalistas, para os cales, en contra do que postula Cidrás (2003), esta alternancia causativa non sería o resultado dunha operación derivada de detransitivación, senón que se trataría de predicados diferentes segundo postula Duarte (2005: 792).

- (iv) “No caso das construcións mediais, não há, assim nos parece, uma escolha de uma mesma entrada lexical, com posterior redução de valência, segundo o propósito comunicativo. A escolha se dá entre duas entradas, cada uma com sua transitividade, ou, em termos formais, entrada monoargumental X entrada biargumental”.

Para chegar a esta conclusión, este autor explica que o clítico non achou suficiente grao de gramaticalización (aínda que reconece que este non ten función) e, por outro lado, “a presenza do pronome ganha muito realce em detrimento da natureza semântica do verbo” referindo que ás veces constitúe mudanzas no léxico (2005: 787) como a referida *despedir/despedirse* e outras.

Porén, no galego, o clítico habitualmente ten valor inacusativo, os pronominais inherentes son inacusativos (*arrepentirse, queixarse*), mais non sempre indican medialidade: *arrepentirse* é un predicado nocionalmente medio e *queixarse*, sendo inacusativo, non pode ser medio, pois o suxeito non é experimentador. Noutros casos, como indica a *NGLE* (§ 41.14a) “el verbo causativo es idéntico en su forma al verbo medio”, como pode verse nos exemplos (17).

(17)a. As empresas aumentaron as súas compras no mes de setembro (CORGA, s. v. *aumentaron*: 314 [2015]).

b. En España, as cifras de contaxio aumentaron de xeito "alarmante" (CORGA, s. v. *aumentaron*: 319 [2018]).

A alternancia existe sen pronominalización: no (17b) existe unha redución de valencia, mentres que en (17a) existe unha acción causativa, pois as empresas non aumentan, fan aumentar as compras. Este caso é o que Cidrás Escáneo (2003: 91) considera de marca cero (en oposición

ao clítico) xunto con *rachar*, *ferver* ou *mellorar*, en canto que reconece que o incremento pronominal é, precisamente, a marca de derivación; alén disto, emprega postulados propios da gramática xerativa para afirmar que “calquera falante que coñeza o predicado básico (no input) e a regra postulada é capaz de interpretar e mesmo usar correctamente o predicado resultante” e engade que “entre os predicados transitivos e intransitivos deste grupo existe unha relación sistemática tanto na súa forma como no seu significado” (Cidrás Escáneo, 2003: 93). En resumo, considera que a detransitivización é tan sistemática que non pode ser reducida a unha coincidencia.

Para Camacho (2003: 91), o uso non correferencial do clítico é un indicador da voz media, aínda que indica que a súa supresión tamén o é (nas reflexivas o clítico non pode ser eliminado). Por isto, acha que a tendencia a suprimilo do portugués brasileiro falado é unha mostra de identidade das construcións medias (v):

(v). “há uma supressão do clítico a afetar somente as construções médias, o que induziria a pensar que o PB falado estaria passando de sistema de uma forma, em que os dois tipos de construção compartilham a mesma morfologia, para um sistema de duas formas em que a ausência de clítico, marcaria a medialidade” (Camacho, 2003: 100).

O facto de o clítico estar latente, mais sometido á variación lingüística, tamén é aplicado ao caso galego con verbos como *romper*, *derreter*, *afundir*, e mostra un trazo distintivo destas construcións coas reflexivas e co resto de pronominais. Para o sector especializado, este pode ser tanto o motivo que sosteña unha tese de derivación léxica (Cidras, 2003) como o que permita considerar dúas entradas lexicais (Duarte, 2005).

Por último, cómpre destacar o fenómeno discursivo que estas construcións implican, que as relaciona coas pasivas, as impersoais e as medias asertivas, a destopicalización do axente por desprazar o obxecto á posición de tópico. Na literatura especializada existe consenso a este respecto, mais certas posicións analizan este fenómeno como causante desta estrutura e non

como unha consecuencia. É o caso de Duarte (2005), que considera que o funcionalismo establece o concepto de diátese media con base neste trazo estilístico, un facto que non achan adecuado: “Não nos parece funcionalistamente coerente e pertinente postular operações formais para mostrar vínculos entre construções quanto aos aspectos estruturais, fazendo-se tabula rasa de diferenças discursivas” (2005 : 790).

A proposta de Lima (2021) contempla esta construción como unha estratexia pragmática de supresión de responsabilidade, debido á ocultación do axente. A autora acha que “uma vez que a codificação medial em si nem sempre permite distinguir se o desencadeador do evento teve ou não controle sobre o efeito, a construção serve para eximir uma dada entidade da responsabilidade sobre o evento expresso” (Lima, 2021: 157); por tanto, ante posíbeis ambigüidades, esta estratexia reforza o carácter espontáneo dos procesos, pois Cidrás Escáneo (2003: 91) afirmaba que “a anticausativa caracterízase por presentar o evento dunha maneira non axentiva”; non é que o enunciado non sexa axentivo, senón que o é a enunciación. Isto pode apreciarse nos exemplos (18) e (19).

(18) Regresei aínda de madrugada e o doutor asustouse moito de verme a esas horas (CORGA, s. v. *asustouse*: 48 [2012]).

(19) Ao final quebrouse a cama e tiveron que pagala a escote (CORGA, s. v. *quebrouse*: 1 [1977]).

En ambos os casos, os experimentadores (*o doutor* e *a cama*) están topicalizados e a responsabilidade do axente está suprimida con este como marca atenuadora; por este motivo, a oración causativa supón unha maior aceptación desta responsabilidade (*asustei o doutor* e *quebraron a cama*). Deste modo, existen accións que habitualmente acontecen de forma non axentiva (*secar; derreter; balorecer*) e outras que, se ben non sempre son axentivas, poden ter como causa un suxeito animado (*quebrar, rachar, asustar, enfadar*).

En suma, estas construcións anticausativas partillan unha serie de características que representan a unidade de conxunto. Algúns trazos son comúns co seguinte tipo analizado, as medias asertivas: o proceso de detransitivación, a alternancia causativa, a supresión do axente ou a topicalización do obxecto lóxico. En troca, outros trazos serán motivo de contraste: a estatividade, o aspecto perfectivo, a inserción dun adxunto de causa, o tipo de axente implícito e a posibilidade do trazo [+animado] no suxeito gramatical.

4. As medias asertivas

O segundo tipo de construcións medias en que se vai reflexionar son as denominadas como “medias asertivas” por Cidrás (2003: 96), pola mesma razón que Duarte (2013: 456) as denomina “medias caracterizadoras”, pois estas ofrecen unha calidade intrínseca sobre unha entidade, isto é, “una afirmació genèrica” (Abrines Llabrés, 2022: 154). Cidrás (2003: 87) tamén as refire como medias de estado, xa que este valor descritivo que posúen implica unha suspensión de acción. Por outro lado, García Negroni (2002: 275) e Abrines Llabrés (2022: 154) reservan o termo de “construción media” para este tipo de oracións; este último considerando as anteriores como anticausativas e a primeira autora como ergativas. Contrariamente, Perini (2005: 33) considera que, ao igual que as anteriores (medias acusativas), tamén son ergativas. Finalmente, Mendikoetxea (1999b: 1639) denomina estas construcións como “medio-pasivas”, por considerar estas unha subclase da pasiva reflexa.

Tanto a proposta de Perini (2005) como a de Mendikoetxea (1999b) implican rexeitar a autonomía destas construcións. O primeiro autor segue máis a liña de Cidrás (2003), se ben optando por unha construción que el considera ergativa e non media, pois afirma que esta primeira “se opõe a certas construcións como a pasiva e a causativa” (Perini, 2005: 33), en tanto que non reconece trazos formais propios nestas construcións diverxentes da ergativa. A proposta

da segunda autora, sen suprimir o carácter medial desta construción (pois mantén o trazo [+afectado] no suxeito), subliña que nestas oracións non operan suficientes diferenzas para ter autonomía: “tienen propiedades de carácter más restringido que las pasivas con se y por ello pueden considerarse como una subclase de ellas” (Mendikoetxea, 1999b: 1639). Repárese nas seguintes mostras:

- (20) " Hai manchas que non se lavan nin do río da Oliveira " (CORGA: *s.v. lavan* 34 [2007]).
- (21) Estes dous libros lense dun tirón (CORGA: *s.v. lense* 3 [1996]).
- (22) [Televisores] Hainos que non quebran tan doadamente (CORGA: *s.v. quebran* 1 [1983]).
- (23) A froita oxida cando cae das árbores (CORGA: *s.v. oxida* 13 [2000]).
- (24) Pronto dáse de conta que o sangue vende moito (CORGA: *s.v. vende moito* 7 [2015]).
- (25) A poesía non vende (CORGA: *s.v. non vende* 13 [2000]).
- (26) A magnolia cheira moi ben (CORGA: *s.v. cheira* 30 [1989]).
- (27) Como é un gas que non cheira, (...) os síntomas da intoxicación poden pasar desapercibidos (CORGA: *s.v. cheira* 208 [2007]).

Estes exemplos (20)-(27) son, no xeral, agrupados nun mesmo conxunto. Todos partillan o seguinte esquema actancial: “construção em que o seu argumento interno surge alinhado com a função sintática de sujeito” (Duarte, 2013: 456), ao cal engade a conexión coas oracións medias anticausativas e pasivas: “O alinhamento do argumento interno direto do verbo com a função sintática de sujeito é idêntico ao que encontramos nas orações passivas e nas orações em que ocorre a variante incoativa dos verbos de alternância causativa-incoativa”.

Desde unha perspectiva semántica, son oracións estáticas en que o suxeito non ten control sobre o evento, o que Álvarez & Xove (2002: 74) denominan “estados”. Para Cidrás Escáneo (2003: 87) estas construcións son derivadas dun predicado básico de acción, na liña do que acontecía coas anticausativas, como se pode ver nas manifestacións transitivas, pois todos ofrecen

alternancia causativa (*No río da Oliveira a xente non lava as manchas, A peste oxida a froita, As librarías apenas venden poesía*).

Esta derivación e alternancia indicada por Cidrás (2003) achega mellor ambas as construcións, anticausativa e asertiva; con todo, dentro das súas similitudes, cómpre diferencialas, ao menos en subgrupos. No tocante á proposta de Perini (2005), o brasileiro acha que esta división non é produtiva e, para alén de engadir certos datos que partilla con Cidrás (2003), asinala que “não há verbos que possam ocorrer na construção ergativa e não na média, ou vice-versa” (Perini, 2005: 20). A tirada de exemplos *supra* demostra que é posíbel unha construción media con verbos como *lavar*, *ler*, *vender* ou *cheirar*. Por contra, este tipo de verbos bloquea a construción anticausativa, xa que “dá lugar ó novo estado sen que se poida ver no intre o desenvolvemento dun proceso autónomo en X2” (Cidrás Escáneo, 2003: 93).

Deste modo, as anticausativas contan cunha restrición na selección dos seus predicados que non opera do mesmo xeito nas asertivas. Cidrás Escáneo (2003: 98) indica que, aínda que no léxico “tódolos predicados básicos transitivos de acción xeran potencialmente este tipo de estruturas”, existen restricións pragmáticas que dificultan a inserción de certos predicados nestas construcións por non achegaren información característica de ningunha entidade como *golpear* ou *rabuñar*.

Unha diferenza axial entre as construcións medias aquí expostas é o aspecto, necesariamente perfectivo nas anticausativas (19), e sempre imperfectivo nas asertivas. García Negroni (2002: 287) recoñece esta incompatibilidade de aspectos, pois existiría unha mudanza en interpretar o predicado como un proceso, segundo se ve no exemplo (13) (*Case todas as cerdeiras secaron*) ou como un enunciado estático, como acontece se mudamos o aspecto deste exemplo (*Case todas as cerdeiras secan*). Este estatismo está relacionado co valor modal inherente nestas construcións; así, Sánchez López (2002: 64) defende que estas “implican una lectura de

posibilidad, de ahí que una oración como *esta camisa se lava fácilmente* no signifique que se esté lavando ahora, sino que se puede lavar”. Esta afirmación é aplicábel aos casos (20)-(27); por exemplo, en (23) o evento non acontece na enunciación “a froita non oxidou”, senón que “oxida en X circunstancias ou condicións”; non existe, por tanto, unha mudanza de estado.

Esta postura pode entrar en conflito coa de Abrines Llabrés (2022: 156), pois este indica que estas construcións só poden aparecer expresadas en presente ou copretérito e indica que “siguin incompatibles amb temps verbals progressius”, incluíndo o presente con valor reiterativo ou habitual. Porén, este valor habitual é sostido por García Negroni (2002: 302), quen considera que, se estes enunciados “no aluden a una propiedad inherente, debe observarse que sí describen una propiedad de algún modo adquirida puesto que deriva de un hábito”, tal como acontece en (23) (‘o habitual é que cando a froita cae oxide’) ou en (25) (‘habitualmente a poesía non vende’).

Estas construcións teñen unha característica de seu que consiste no “avance dun satélite Maneira á condición de argumento” (Cidrás, 2003: 96); deste xeito, o complemento modal que refire a calidade pasa a formar parte da estrutura valencial, como pode verse en (21) (*dun tirón*), en (22) (*tan doadamente*) ou en (26) (*ben*). Abrines Llabrés (2022: 155) afirma que isto é o que conforma o valor universal destas afirmacións e reflicte as diferentes formas e valores deste elemento “pot ser locatiu, de temps o manera, en forma de SPrep o adverbí, d’un predicatiu o de la negació”.

Ora ben, por outro lado, é posíbel que falte este argumento na construción, como acontece en (20), en (23), en (25) e en (27); con todo, Cidrás Escáneo (2003: 97) considera que, aínda sen ter unha representación lingüística, “segue operando implícitamente como argumento inherente”. O autor para esta ausencia achega dúas posibilidades: sobreentender unha marca cero, marca que propón para (20), (23) e (25), pois nestes casos existe unha negación

(recoñecido por Abrines como adxunto modal) que implica respectivamente que ‘as manchas non lavan ben’, que ‘a froita oxida facilmente’ e que ‘a poesía é difícil de vender’. A segunda opción consistiría en dotar o suxeito dunha característica que non é evidente ou propia deste, senón que os enunciados “son presentados como propiedades inherentes unicamente a esas FN y no a outros membros de la clase a la que pertenecen” (García Negroni, 2002: 297). Este é o caso de (27), pois o tipo de gas referido non cheira en relación con outros gases que cheiran, de modo que o factor de cheirar ben ou mal non resulta pertinente para a finalidade comunicativa.

Unha vez observadas as características lingüísticas do verbo nas medias asertivas, cómpre reparar no suxeito sintáctico e no nocional. O suxeito sintáctico, concorda coas pasivas reflexas e as anticausativas na súa falta de axentividade. Neste aspecto pode afirmarse unha maior proximidade coa tipoloxía de voz media, pois Mendikoetxea (1999b: 1657) considera a anteposición do suxeito unha propiedade das asertivas (como mostran os exemplos 20-27) en oposición ás pasivas, que adoita ir posposto (*Se venden casas*). Con todo, esta diverxencia opera de forma máis restritiva nas medias, en tanto que nas pasivas este trazo non é tan marcado: pode ir anteposto (*Estas casas vendéronse nos oitenta*); as medias, mesmo as pronominais, coa dita FN posposta favorecen a interpretación dunha cláusula con suxeito elíptico (*Cheiran as magnolias ben, Lense estes dous libros dun tirón*).

Outro trazo que caracteriza estas construcións e as diferencia, no xeral, da pasiva é a determinación dos suxeitos (Mendikoetxea: 1999b: 1658) segundo mostran os exemplos (21)-(27) mediante determinante (*a, o, un, estes*). A esta cuestión, Abrines Llabrés (2022: 155), en prol da interpretación xenérica, engade que nos casos de suxeito singular, como en (23)-(27), “s’entén com un represenant de la classe” (*A magnolia cheira ben* ‘todas as magnolias cheiran ben’)⁶ e en plural, como nos exemplos (20)-(22), “denota una classe d’elements que

⁶ Esta afirmación pode cumprirse a nivel xeral, mais non é doado aplicala a casos concretos como *O sangue vende moito*.

comparteixen una propietat” (*X tipo de televisores non quebran tan doadamente, X tipo de manchas non se lavan*).

Porén, Mendikoetxea (1999b: 1660) considera que, do mesmo modo que as pasivas reflexas, os suxeitos destas oracións deben ter o trazo [-animado], como sucede nos exemplos (20)-(27); así, esta restrición marca un carácter medial ou pasivo, pois a incapacidade do suxeito para ser axentivo bloquea calquera interpretación causativa ou reflexiva do enunciado. Con todo, sen negar este proceder xeral, a autora considera que existen certos casos en que poden realizarse estas construcións con suxeitos animados, mais, dado o caso (28), a semántica do enunciado debe impedir asignar a estes un rol axentivo.

(28) A maioría das persoas se asustan⁷ ante a posibilidade de padecer unha enfermidade (CORGA: *s.v. asustan* 15 [2013]).

Cidrás Escáneo (2003: 99) non contempla esta posibilidade e indica que, se o suxeito for animado, “o argumento en cuestión será interpretado como por defecto como Axente, e non como Cero, a menos que quede contextualmente clara a vontade de tratalo como un obxecto”. Ante isto, o exemplo (28) semella contradictorio, mais hai un aspecto imperfectivo e un predicado estativo en que se está a predicar unha calidade do suxeito (a maioría das persoas asústase con facilidade).

Esta cuestión desemboca na cuestión do suxeito lóxico destas oracións. Se ben nas anticausativas o suxeito podía funcionar semanticamente como axente ou causa, estas construcións “son estados (...) que levan asociada unha interpretación axentiva xenérica” (Cidrás, 2003: 101). Isto pode verse reflectido en verbos que implican un axente latente como dos exemplos *supra* (*lavar, ler* ou *vender*), mais non en casos como (23) (*oxidar*) ou (28) (*asustar*), en que o suxeito lóxico é unha causa presente en ambos os exemplos de forma

⁷ A falta de concordancia, neste caso, non implica a imposibilidade de establecer a función sintáctica de suxeito; dase concordancia *ad sensum*.

semántica. Por isto, Mendikoetxea (1999b) considera que a diferenza coa anticausativa reside en que na construción anterior a referida “espontaneidade” dos eventos permitía a ausencia dunha influencia externa para o proceso acontecer; porén, nestas medias asertivas sempre “es necesaria la intervención de una causa o agente” (1999b: 1643) para a hipotética realización do evento, de tal xeito que o estado é caracterizado polo modo en que se efectúa (ou efectuaría) unha acción allea á entidade que funciona como suxeito.

Con todo, a pesar de estar sempre implícito, “el complemento agente (...) jamás aparece expresado” (García Negroni, 2002: 305) e, da mesma maneira, “não existe neste tipo de orações qualquer argumento externo implícito que possa legitimar a ocorrência de expressões que pressupõe um agente” (Duarte, 2013: 457), isto é, non admite adverbios volitivos (*intencionalmente*) ou circunstanciais de causa (*para...*). Estes trazos son para Mendikoetxea (1999b: 1643) elementos que caracterizan esta construción fronte á pasiva reflexa, pois ela considera gramatical a inserción do complemento axente nestas pasivas (1999b: 1668) e estas permiten inserir elementos volitivos (*Organizáronse as festas para levantar os ánimos, os seguro descubriu que se causarán os danos intencionalmente*). Por este motivo, a presenza do axente é menor nas construcións asertivas (29) que nas pasivas (30).

(29) As sustancias orgánicas quéimanse ou carbonízanse a menos de 100 °C (CORGA: s. v. *quéimanse*: 2 [1989]).

(30) O alcohol contido no depósito quéimase para quentar as variñas de metal (CORGA: s. v. *quéimase*: 14 [2009]).

En (29) a presenza do axente é moito menor e isto provoca que o foco resida no suxeito afectado, ofrecendo a seguinte paráfrase que denota o significado medial: *as sustancias orgánicas poden/adoitan/ teñen a capacidade de queimarse ou carbonizarse a menos de 100 °C*. En troca, no exemplo (30) a presenza do axente é maior e ofrece a paráfrase pasiva (*o alcohol contido no depósito é queimado para*).

Alén disto, os tipos de axentes tamén difiren na súa semántica, García Negroni (2002: 299) afirma que “si se pudiera hacer explícito el agente en uno y otro caso, este sería del tipo *por cualquiera/por todo el mundo* para SM (...) y del tipo *por alguien* o *algunas personas* (...) para SP”. Deste xeito, para o exemplo (29) a interpretación axentiva transitiva implicaría un axente xenérico ou inespecífico nunha lectura de posibilidade (*Calquera pode queimar as sustancias orgánicas a menos de 100 °C*) e o exemplo (30) fornece un axente indeterminado (*Alguén queimou o alcohol contido no depósito*), ás veces identificábel polo contexto (*O ferreiro/A traballadora*).

A seguinte táboa sintetiza as diferenzas que caracterizan as medias asertivas das pasivas reflexas, segundo o exposto até agora:

Medias asertivas (<i>A magnolia cheira moi ben</i>)	Pasivas reflexas (<i>Vendéronse casas no centro da cidade</i>)
O suxeito vai anteposto.	A posición do suxeito non está marcada.
O suxeito adoita ir determinado.	O suxeito non está marcado.
O enunciado é un estado.	O enunciado é unha acción.
O evento acontece dentro do suxeito.	O evento é practicado ao suxeito.
O aspecto é imperfectivo.	O aspecto non está marcado.
Habitualmente rexe un argumento modal.	Non precisa argumento modal.
A presenza do clítico varía.	O clítico non pode ser eliminado.
O grao de axentividade é baixo (rexeita elementos volitivos).	O grao de axentividade é alto (acepta elementos volitivos).

Como pode apreciarse na caracterización destas construcións, as diferenzas que a identifican fronte ás pasivas reflexas, son habitualmente semánticas, aínda que con manifestacións formais como o aspecto, a anteposición e a determinación do suxeito; todos estes elementos non marcados nestas últimas. Cidrás Escáneo (2003) critica a concepción de Mendikoetxea (1999b), que considera estas construcións unha clase das pasivas reflexas. Este autor defende que esta

diferenza non ten unha representación no plano formal, xa que a maior parte de diferenzas que achegan “non son contidos codificados mediante estruturas sintácticas diferentes” (2003: 105).

O autor considera que exemplos como o (21) (*Estes dous libros lense dun tirón*) ofrecen tanto unha interpretación media (‘a xente os le decontado’) ou pasiva (‘son lidos decontado’), de modo que unha mesma estrutura fornece dúas interpretacións; ou nin iso, porque todo ficaría para este autor resumido como unha cuestión de indeterminación do suxeito lóxico, o que conduce á conexión coas oracións impersoais.

A presenza do clítico é motivo de debate para varios estudos, Cidrás Escáneo (2003: 96) considera que o carácter derivado das asertivas “actualízase en galego como [marca] cero nesta construción, nunca como *se*” como indican os exemplos (22), (23), (24), (25), (26) e (27). Con todo, excluír este elemento na caracterización destas estruturas implicaría rexeitar a condición de media asertiva en (20), (21), (28), (29) e (30). De xeito inverso, Mendikoetxea (1999b: 1642) propón o contrario e acha que o *se* é un elemento inherente destas oracións. En español esta concepción admite unha cantidade de casos superior en relación co galego, mais non todos, como mostra a tradución de (26) (*La magnolia huele bien*) e outros verbos como *ferver* ou *cocer*.

Para o galego semella máis axeitado contemplar que “certos verbos transitivos poden ocorrer neste tipo de oracións sem morfología reflexa” (Duarte, 2013: 458) e manter, por tanto, certa flexibilidade ao respecto, así en exemplos como (21) (*Estes dous libros lense dun tirón*) a supresión do clítico podería resultar dubidosa gramaticalmente. Para as construcións con clítico, Cidrás (2003: 100) postula que son casos de construcións impersoais con *se* e recoñece que “o ámbito comunicativo que cobre a media non é máis que un subconxunto do da impersoal”, pois ambas as tipoloxías partillan o trazo semántico de teren un axente animado, xenérico ou inespecífico que non pode ser representado formalmente.

O profesor da USC considera que o facto de non existiren diferenzas no plano semántico non se corresponde co formal, pois a media asertiva ten restricións como a necesidade dun suxeito sintáctico, o carácter preverbal deste, a estatividade do predicado e o argumento de modo implícito. Por esta razón, “a competencia resulta ben desvantaxosa para as medias, ó permitiren aquelas expresar practicamente os mesmos contidos sen ningunha das restricións que estas presentan” (Cidrás, 2003: 99). A respecto disto, cómpre reparar en que as impersoais son caracterizadas por estaren fixadas no singular (trazo utilizado para combater a ambigüidade coas pasivas reflexas); en tanto que as medias, ao permitiren suxeitos en plural, non lles é aplicábel esta restrición, como se observa en (20), (21), (22), (28), (29) e (30).

En suma, estas construcións partillan trazos coas impersoais, coas anticausativas e coas pasivas confluencia que leva orixinando grandes debates nos estudos especializados, especialmente, no espazo galego-portugués pola dificultade engadida de xustificar en que medida a presenza ou ausencia do clítico é determinante para as características formais e semánticas destas construcións. Se, por un lado, exemplos como (21) teñen clítico e cumpren con todas as características semánticas (aspecto imperfectivo, predicado estativo, axente animado e xenérico, argumento de maneira...) e formais (non é posíbel introducir o axente, redución valencial, alternancia causativa); por outro lado, as construcións sen clítico como (23) manteñen as características formais, mais non rexen as mesmas características semánticas (o suxeito lóxico non é axentivo, non existe un argumento de maneira e acción sucede de forma espontánea, como nas anticausativas). Este panorama representa un alto grao de heteroxeneidade nestas construcións, mais as características que estas partillan, en liñas xerais, dotan o grupo de certa unidade; por tanto, fica a interrogante que cuestiona se estas son suficientes para considerar se as medias asertivas con autonomía fronte a estruturas semellantes.

5. Conclusións

Ao longo destas páxinas, tentou elaborarse unha primeira aproximación global a estas construcións combinando as propostas dos estudos gramaticais co uso real da lingua. Desta análise pódense tirar diferentes conclusións que, dun xeito ou doutro, sinalan a natureza controvertida desta cuestión nas gramáticas e a ausencia dunha gramática galega de referencia para tratar as manifestacións da diátese aplicadas en concreto á lingua galega.

En primeiro lugar, para poder xustificar a presenza da diátese en termos gramaticais é preciso elaborar ou seguir unha concepción desta que permita traballar sobre o plano do significado e do significante; caso contrario, as posicións estruturalistas ignorarán esta cuestión por considerala allea ao plano formal. Entender a diátese como a estrutura valencial dos predicados serve para conectar as diferentes disciplinas lingüísticas e contemplar unha visión de conxunto.

En segundo lugar, a diátese media acha o seu lugar rexeitando a concepción binaria que só recoñeza a diátese activa e pasiva. Por este motivo, será necesario caracterizar os seus trazos formais (resultado da alternancia causativa e redución de valencia) e nocionais (suxeito gramatical non axentivo) para dotar este grupo dunha identidade de conxunto que permita a oposición con outras construcións reflexas e pronominais, alén das oracións activas e pasivas.

En terceiro lugar, desta limitación xorden, non sen conflito, como manifestacións da diátese media as aquí denominadas construcións anticausativas e asertivas. Estas, aínda que partillen unha serie de características que as vinculan, manifestan unha serie de diferenzas que favorecen esta concepción bilateral. Con todo, se ben é certo que estas construcións ofrecen un maior grao de resistencia a seren sistematizadas, tamén admiten identificar unha serie de pautas comúns que a gramática debe recoñecer.

En cuarto lugar, o emprego de corpus como o CORGA serve para reflexionar sobre o uso que as e os falantes fan da lingua en diferentes modalidades, estilos, recursos ou xéneros. A presenza

da diátese media está máis marcada que a activa ou a pasiva e, se ben existen verbos relativamente marcados que fornecen máis posibilidades para xeraren construcións medias, estes non deben ser esquecidos. Como pode observarse no traballo e no anexo, a frecuencia de certos verbos como *cheirar* en construcións medias asertivas non debe ser ignorada.

En quinto lugar, as tiradas de exemplos tamén representan a resistencia que a lingua ofrece á sistematización, pois dentro das múltiples propostas do sector especializado, as características recollidas non dan conta de todos os casos posíbeis a seren asociados coa diátese media. Isto é motivado pola diverxencia que as linguas ofrecen no xeral e os predicados no particular; noutras palabras: o facto de a diátese estar estreitamente vinculada coa natureza semántica e sintáctica dun predicado implicaría, en certo modo, considerar que existen tantas manifestacións diatéticas como predicados hai. Así, o traballo pretende seguir as achegas gramaticais realizadas nesta altura, mais sendo consciente de que a alternancia diatética é un fenómeno complexo de sistematizar, unha cuestión que os exemplos reflicten por seren a manifestación máis auténtica da realidade lingüística.

Por último, o estudo da diátese media pode achegar diversas vantaxes á lingua mediante a análise destas estruturas, pois a posibilidade de omitir o clítico fornece ao galego e ao portugués certa unidade como sistema lingüístico e tamén fronte ás linguas románicas no xeral outorgando ao espazo lingüístico galego-portugués un trazo de seu, ao que lle corresponde, consecuentemente, un estudo propio.

Bibliografía

Abraçado, Jussara & Vale, Hyléa (2014). “A posposição do sujeito e a ergatividade cindida no portugués brasileiro”, *Textos lingüísticos*, 123-138.

Abrines Llabrés, Bartomeu (2022). “Les construcció que ometen la causa o l’agent: pasiva pronominal, impersonal, mitjana i anticausativa”, *REGROC*, 5, 145-167.

Álvarez, Rosario & Xove, Xosé (2002). *Gramática da lingua galega*. Vigo: Galaxia.

Azpiazu Torres, S. (2004). “Reflexiones en torno al clítico se en español”, *ELUA*, 18(1), 7-20.
doi: 10.14198/ELUA2004.18.01.

Camacho, Roberto Gomes (2003): “Em defensa da categoría de voz média no português”, *DELTA*, 19(1), 91-122. <https://doi.org/10.1590/S0102-44502003000100004>.

Cidrás Escáneo, Francisco (2001). “Construcións medias e impersoais con *se* como construcións sintácticas distintas en galego (e noutras línguas)”. En X. L. Regueira / A. Veiga (eds.), *Da gramática ó dicionário. Estudos de lingüística galega*, pp. 71-81. Santiago: Universidade.

Cidrás Escáneo, Francisco (2003). “Alternancias transitivo-intransitivo e formación de predicados en galego”, *Verba* 30, 81-115.

CORGA = Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades. *Corpus de Referencia do Galego Actual* (CORGA) [4.0] <<http://corpus.cirp.gal/corga/>> [Consultado: 21/06/23].

Diz Gamallo, Inés (2001). “*Matar/matarse/morrer*: semellanzas e diferencias entre as distintas formas de expresión do elemento intransitivo da relación sintáctico-semántica “causa-resultado””. En X. L. Regueira / A. Veiga (eds.), *Da gramática ó dicionario. Estudos de lingüística galega*, 83-90. Santiago: Universidade.

DRAE = González González, Manuel (dir.). *Dicionario da Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega. <<https://academia.gal/dicionario>> [Consultado: 21/06/23]

- Duarte, Paulo Mosânio Teixeira (2005). “A voz média em português: seu estatuto”. En Seção de Lingüística; Departamento de Estudos Portugueses e de Estudos Românicos. (Org.). *Estudos em Homenagem ap Professor Doutor Mário Vilela*, 2, pp. 783-794. Porto: Faculdade de Letras da Universidade do Porto.
- Duarte, Inés (2013). “Construções ativas, passivas, incoativas e médias”. En Raposo, Eduardo Buzaglo Paiva, & Nascimento, Maria Fernandes Bacelar do, & Mota, Maria Antónia Coelho da, & Segura, Luísa, & Mendes, Amália (orgs.), *Gramática do Português*. Vol. I, 429-461. Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian.
- Estraviz = Estraviz, Isaac Alonso. *Dicionário Estraviz*. <https://estraviz.org/> [Consultado: 21/06/23)
- Ferreiro, Manuel (1999). *Gramática histórica galega, I, Fonética e Morfosintaxe*. Santiago: Lairovento.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2000). *Gramática da lingua galega. II. Morfosintaxe*. Vigo: A Nosa Terra.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2009). *Lingua de calidade*. Vigo: Xerais.
- Frías Conde, Xavier & López Silva, X. Antonio (2001). “As construccions con *se* en galego: o problema da súa natureza e clasificación”. En X.L. Regueira / A. Veiga (eds.), *Da gramática ó dicionario. Estudos de lingüística galega*, pp. 127-141. Santiago: Universidade.
- Frías Conde, Xavier (2006). “La voix moyenne dans les langues romanes”, *Revista de filología románica*, 23, 215-228.

- García Negroni, M. Marta (2002). “Construcciones pasivas y medias”. En Cristina Sánchez López (ed.), *Las construcciones con se*, pp. 276-310. Madrid: Visor Libros.
- Heredia, José Ramón (1998). “Sobre construcciones pronominales “medias” en español”. En M. Carmen Losada Andrey, José F. Márquez Caneda & Jiménez Juliá F. Tomás (coords.) *Español como lengua extranjera, enfoque comunicativo y gramática, actas del IX congreso internacional de ASELE*, 551-560. Santiago de Compostela: Servizo de publicacións da USC.
- Jiménez Juliá, Tomás (2015): “En torno a la voz media en español”. En V. Miguel Gotor Santamaría (dir.) *Studium Gramaticae. Homenaje al profesor José A. Martínez*, pp. 489-505. Oviedo: Universidad.
- Lima, Maria Claudette (2021). “A voz média como estratégia de isenção de responsabilidade”, *GELNE*, 23 (2), 146-159
- Martín Zorraquino, María Antonia (1979). *Las construcciones pronominales en español. Paradigma y desviaciones*. Madrid: Gredos.
- Mendikoetxea, Amaya (1999a). “Construcciones inacusativas y pasivas”. En Ignacio Bosque & Violeta Demonte (dirs.), *Gramática descriptiva de la lengua española*, pp. 1575-1629. Madrid: Real Academia Española / Espasa.
- Mendikoetxea, Amaya (1999b). “Construcciones con se: Medias, pasivas e impersonales”. En Ignacio Bosque & Violeta Demonte (dirs.), *Gramática descriptiva de la lengua española*, pp. 1631-1722. Madrid: Real Academia Española / Espasa.
- Mateus, María Helena Mira; Brito, Ana Maria; Duarte, Inés & Faria, Isabel Hub (2003). *Gramática da Língua Portuguesa*. Lisboa: Caminho.

Monge, Félix (2002). “Las frases pronominales de sentido impersonal en español”. En Cristina Sánchez López (ed.), *Las construcciones con se*, pp. 343-392. Madrid: Visor Libros.

Perini, Mario A. (2005). “Ergativas e médias em português”, *SCRIPTA*, 8(16), 13-34.

Raposo, Eduardo Paiva; Nascimento, Maria Fernanda Bacelar do; Mota, Maria Antónia; Segura, Luísa; & Mendes, Amália (org.) (2003a). *Gramática do Português*. Vol. I. Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian.

Raposo, Eduardo Paiva; Nascimento, Maria Fernanda Bacelar do; Mota, Maria Antónia; Segura, Luísa; & Mendes, Amália (org.) (2003b). *Gramática do Português*. Vol. II. Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian.

Raposo, Eduardo Paiva; Nascimento, Maria Fernanda Bacelar do; Mota, Maria Antónia; Segura, Luísa; & Mendes, Amália (org.) (2020). *Gramática do Português*. Vol. III. Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian.

NGLE = Real Academia Española (2009). *Nueva gramática de la lengua española*. Madrid: Espasa-Calpe.

Sánchez López, Cristina (2002). “Las construcciones con se. Estado de la cuestión”. En Cristina Sánchez López (ed.), *Las construcciones con se*, pp. 13-163. Madrid: Visor Libros.

ANEXO

Neste anexo son presentadas as ocorrencias que poderían ser tomadas como exemplos con base nos diferentes resultados das procuras realizadas no CORGA, mais só se tomarán os exemplos que representen ou podan representar a diátese media de xeito formal e nocional, e farase mediante o seguinte proceder:

Lema procurado (número de ocorrencias)

- Ocorrencia(s) tomada(s) para o corpo do traballo
 - Outros exemplos representativos das construcións medias
 - o Exemplo 1
 - o Exemplo 2
-

Asustouse (60)

- Cando viu entrar a Rafael Penedo asustouse e fixo unha escena histórica (CORGA, *s. v. asustouse*: 6 [1990]).
- Regresei aínda de madrugada e o doutor asustouse moito de verme a esas horas (CORGA, *s. v. asustouse*: 48 [2012]).
- A maior parte de exemplos con este verbo en construción pronominal é media, non é moi frecuente o uso desta construción como reflexiva; con todo, ofrecemos 3 exemplos:
 - o Viu aquel policía alí e asustouse (CORGA, *s. v. asustouse*: 15 [1995]).
 - o A súa muller asustouse demasiado ao ver a porta escangallada (CORGA, *s. v. asustouse*: 41 [2009]).
 - o Moitas noites ten medo e onte asustouse de verme soa ás dúas da mañá (CORGA, *s. v. asustouse*: 59 [2016]).

Asustou (51)

- Ventura quedou asombrado e aínda se asustou máis (CORGA, *s. v. asustou*: 10 [1994]).

- Neste caso tamén existen moitos exemplos, pois a construción inacusativa pronominal é máis frecuente que a causativa; con todo, fornecemos tres exemplos:
 - ¿ Que foi o que vos asustou tanto ? (CORGA, s. v. *asustou*: 11 [1994]).
 - Inés non se asustou nin escapou correndo porque el a mirou (CORGA, s. v. *asustou*: 33 [2002]).
 - Non se asustou cando a sentiu sentarse ao seu lado (CORGA, s. v. *asustou*: 37 [2007]).

Enfadouse (40)

- Papá enfadouse moito cando viu unha nova que saíu estes días (CORGA, s. v. *enfadouse*: 40 [2017]).
- A maior parte de exemplos con este verbo en construción pronominal é media, non é moi frecuente o uso desta construción como reflexiva; con todo, ofrecemos 3 exemplos:
 - O adestrador do Sporting enfadouse por 'regala-lo partido' (CORGA, s. v. *enfadouse*: 6 [1990]).
 - E enfadouse moito coas risadas de son de chacal (CORGA, s. v. *enfadouse*: 25 [2006]).
 - O doutor Valderas enfadouse moito comigo (CORGA, s. v. *enfadouse*: 35 [2012]).

Rompeu (492)

- A corda rompeu e, como un látego, partiulle o pescozo (CORGA, s. v. *rompeu*: 422 [2013]).
- Outros 8 exemplos:
 - A cadeira rompeu por abaixo (CORGA, s. v. *rompeu*: 25 [1984]).

- A suprema unidade que se dá no infinito e que se rompeu no mundo da natureza (CORGA, *s. v. rompeu*: 53 [1992]).
- Se cadra o micrófono rompeu (CORGA, *s. v. rompeu*: 134 [1995]).
- O saco rompeu , porque o peso lle romperá o pé (CORGA, *s. v. rompeu*: 152 [1996]).
- A antiga alianza rompeu (CORGA, *s. v. rompeu*: 222 [2000]).
- O corazón rompeu en miles de anacos (CORGA, *s. v. rompeu*: 275 [2005]).
- Houbo algúns que a subiron en ascensor e cando rompeu a corda (CORGA, *s. v. rompeu*: 301 [2007]).
- O popular pedrolo rompeu en catro ocasiónes durante os últimos anos (CORGA, *s. v. rompeu*: 451 [2014]).

Ferven (20)

- Pero estas sustancias ferven a temperaturas moito máis altas (CORGA, *s. v. ferven*: 3 [1989]).
- Outro exemplo representativo:
 - Este tipo de fertilizantes " ferven " ao contacto coa auga (CORGA, *s. v. ferven*: 13 [2007]).

Rachou (131)

- A cabra turrou contra o cadro e este rachou (CORGA, *s. v. rachou*: 25 [1993]).
- Outros 8 exemplos:
 - O espello da verdade rachou en mil pedazos (CORGA, *s. v. rachou*: 6 [1984]).
 - A festa rachou de taco (CORGA, *s. v. rachou*: 55 [2001]).

- O veo que oculta os antros dos poderes rachou (CORGA, *s. v. rachou*: 58 [2002]).
- A cama rachou polos pés e deume un susto grandísimo (CORGA, *s. v. rachou*: 65 [2005]).
- O corazón de Xoel rachou en mil anacos de culpa (CORGA, *s. v. rachou*: 104 [2012]).
- Algo no meu interior rachou para sempre (CORGA, *s. v. rachou*: 114 [2013]).
- Pero a corda rachou e alá foi polo precipicio (CORGA, *s. v. rachou*: 117 [2014]).
- A rede rachou e o barco volveu case baleiro (CORGA, *s. v. rachou*: 130 [2017]).

Afogou (98)

- O capitán Sousa afogou naquel naufraxio (CORGA, *s. v. afogou*: 68 [2009]).
- Neste caso pode verse a interpretación media como a non marcada, indicamos tres exemplos moi próximos ao empregado:
 - Ó pasa-la fronteira francesa non afogou de milagre (CORGA, *s. v. afogou*: 8 [1992]).
 - Meu irmán xemelgo afogou sendo neno (CORGA, *s. v. afogou*: 16 [1993]).
 - Este último afogou ao bañarse no río Miño (CORGA, *s. v. afogou*: 74 [2009]).

Matouse (21)

- Caeu de alí arriba e matouse na cuberta do barco (CORGA, *s. v. matouse*: 16 [2000]).
- Outros 3 exemplos representativos:

- Caeu polo foxo e matouse (CORGA, *s. v. matouse*: 4 [1991]).
- Por culpa dun dos vosos matouse o outro día un matrimonio cunha neniña (CORGA, *s. v. matouse*: 6 [1992]).
- o neno matouse contra as pedras de abaixo (CORGA, *s. v. matouse*: 18 [2005]).

Secaron (16)

- Case todas as cerdeiras secaron (CORGA, *s. v. secaron*: 6 [1995]).
- Outros 4 exemplos representativos:
 - As súas entrañas secaron coma a herba nun coiñal (CORGA, *s. v. secaron*: 1 [1982]).
 - As redes secaron e amurcharon ó sol (CORGA, *s. v. secaron*: 2 [1982]).
 - Lembra que os campos secaron e as vacas non daban leite (CORGA, *s. v. secaron*: 10 [2000]).
 - Os pozos secaron este ano nos mediados de setembro (CORGA, *s. v. secaron*: 16 [2010]).

Explotou (44)

- A burbulla explotou e deixou unha gran cantidade de residuos (CORGA, *s. v. explotou*: 40 [2015]).
- Outros 8 exemplos representativos:
 - A Xunta explotou como estandarte de competencia residuos (CORGA, *s. v. explotou*: 3 [1996]).
 - O avión explotou no aire e caeu á terra (CORGA, *s. v. explotou*: 8 [2000]).

- Onde explotou o venres pola noite o coche bomba (CORGA, *s. v. explotou*: 11 [2001]).
- O Challenger explotou o 28 de xaneiro do 1986 (CORGA, *s. v. explotou*: 13 [2002]).
- Un asento do tren que explotou na estación do Pozo (CORGA, *s. v. explotou*: 20 [2007]).
- O motor do seu Ferrari explotou literalmente (CORGA, *s. v. explotou*: 23 [2008]).
- O universo explotou en mil estrelas (CORGA, *s. v. explotou*: 35 [2014]).
- O público explotou en alegría e cánticos (CORGA, *s. v. explotou*: 38 [2014]).

Toleou (78)

- Cando Frolinda soubo do horrendo crime toleou (CORGA, *s. v. toleou*: 69 [2013]).
- Neste verbo tamén é moi habitual a construción media anticausativa; porén engadimos tres exemplos:
 - O Xabier Otero do carallo toleou polo accidente (CORGA, *s. v. toleou*: 31 [1996]).
 - O teu amigo toleou cunha xamaicana e agora non hai quen o aparte dela (CORGA, *s. v. toleou*: 40 [2001]).
 - ¡ Este toleou de vez ! (CORGA, *s. v. toleou*: 50 [2005]).

Aledouse (36)

- Demetrio aledouse de ter entre mans a bolsa de A Librería (CORGA, *s. v. aledouse*: 32 [2008]).

- A maior parte de exemplos con este verbo en construción pronominal é media, non é moi frecuente o uso desta construción como reflexiva; con todo, ofrecemos 3 exemplos:
 - Miña irmá Consuelo aledouse moito de velo (CORGA, *s. v. aledouse*: 8 [1989]).
 - Aledouse coa esperanza dun reencontro (CORGA, *s. v. aledouse*: 21 [1998]).
 - Malia todo , aledouse de que ambos os dous camiñasen en paralelo (CORGA, *s. v. aledouse*: 29 [2005]).

Aumentaron (320)

- As empresas aumentaron as súas compras no mes de setembro (CORGA, *s. v. aumentaron*: 314 [2015]).
- En España, as cifras de contaxio aumentaron de xeito "alarmante" (CORGA, *s. v. aumentaron*: 319 [2018]).
- Este predicado é comunmente medio, polo que dos moitos exemplos posíbeis, seleccionamos 5 que representan diferentes realizacións:
 - Os xemidos aumentaron de volume (CORGA, *s. v. aumentaron*: 15 [1995]).
 - As colleitas aumentaron , o viño era o mellor da bisbarra (CORGA, *s. v. aumentaron*: 58 [1998]).
 - Os efectos do temporal aumentaron onte na provincia de Lugo (CORGA, *s. v. aumentaron*: 120 [2000]).
 - As grandes granxas aumentaron e os pequenos produtores tenden a desaparecer (CORGA, *s. v. aumentaron*: 186 [2007]).
 - Os niveis de radioactividade na capital aumentaron (CORGA, *s. v. aumentaron*: 257 [2011]).

Quebrouse (6)

- Ao final quebrouse a cama e tiveron que pagala a escote (CORGA, *s. v. quebrouse*: 1 [1977]).
- Outro exemplo representativo:
 - o O seu sorriso quebrouse cun ricto de estupor (CORGA, *s. v. quebrouse*: 3 [2005]).

Lavan (55)

- Hai manchas que non se lavan nin do río da Oliveira " (CORGA: *s.v. lavan* 34 [2007]).
- Outros 2 exemplos representativos:
 - o No meu país sempre se di que os trapos sucios se lavan na casa (CORGA *s.v. lavan*: 25 [2000])
 - o Estes alimentos nin se lavan nin se cociñan (CORGA *s.v. lavan*: 48 [2013])

Lense (10)

- Estes dous libros lense dun tirón (CORGA: *s.v. lense* 3 [1996]).
- Outros 2 exemplos representativos
 - o Os libros lense e escríbense en noites de insomnio , de amor e de whisky (CORGA *s.v. lense*: 5 [1996])
 - o Os libros lense ben , non resultan nunca pesados (CORGA *s.v. lense*: 9 [2003])

Quebran (3)

- [Televisores] Hainos que non quebran tan doadamente (CORGA: *s.v. quebran* 1 [1983]).
- Non hai outros exemplos representativos nesta entrada

Oxida (36)

- A froita oxida cando cae das árbores (CORGA: *s.v. oxida* 13 [2000]).
- Outros 6 exemplos representativos
 - No caso de que sexa así sinala que especie química se oxida (CORGA *s.v. oxida*: 5 [1989])
 - O ácido pirúvico orixinado na glicólise se degrada ou se oxida aerobicamente (11-1999) (CORGA *s.v. oxida*: 11 [1999])
 - A oliva fermenta e o aceite se oxida . (CORGA *s.v. oxida*: 14 [2007])
 - [Un tipo de metal] non se oxida por debaixo dos 600 °C (CORGA *s.v. oxida*: 17 [2018])
 - É un metal electropositivo , polo que se oxida ao ar con moita facilidade (CORGA *s.v. oxida*: 19 [2018])
 - Compórtase como un metal moi reactivo que se oxida rapidamente (CORGA *s.v. oxida*: 35 [2018])

Vende moito (7)

- Pronto dáse de conta que o sangue vende moito (CORGA: *s.v. vende moito* 7 [2015]).
- Outros 2 exemplos representativos:
 - O insólito vende moito , como sabe (CORGA *s.v. vende moito*: 1 [1996])
 - É un título que , imaxino , tamén vende moito (CORGA *s.v. vende moito*: 4 [2002])

Non vende (31)

- A poesía non vende (CORGA: *s.v. non vende* 13 [2000]).
- Outros 7 exemplos representativos
 - Ser policía xa non vende (CORGA *s.v. non vende*: 8 [2000])
 - ¡Iso xa non vende, animal! (CORGA *s.v. non vende*: 9 [2000])
 - Ata que o monstro favorito xa non vende (CORGA *s.v. non vende*: 11 [2000])
 - O libro galego non vende nada (CORGA *s.v. non vende*: 14 [2002])
 - A maior parte da música galega non vende (CORGA *s.v. non vende*: 18 [2007])
 - En moitas ocasións, a sinceridade non vende (CORGA *s.v. non vende*: 25 [2010])
 - É un lema que xa non vende e non convence (CORGA *s.v. non vende*: 26 [2011])

Cheira (314)

- A magnolia cheira moi ben (CORGA: *s.v. cheira* 30 [1989]).
- Como é un gas que non cheira, (...) os síntomas da intoxicación poden pasar desapercibidos (CORGA: *s.v. cheira* 208 [2007]).
- Neste caso serve unha ampla cantidade, como mostra seleccionamos 9 que serven como arquetipos.
 - Din que o cadavre de cacique cheira ben (CORGA *s.v. cheira*: 8 [1977])
 - A bacinilla cheira . (CORGA *s.v. cheira*: 11 [1978])
 - O cuarto cheira moi mal (CORGA *s.v. cheira*: 20 [1983])
 - Coma un horto que cheira a herba e a mazás (CORGA *s.v. cheira*: 24 [1988])
 - Abofé que isto cheira moi mal (CORGA *s.v. cheira*: 28 [1992])

- Aquel vestido branco quecheira a flores (CORGA *s.v. cheira*: 86 [1996])
- O sangue podre cheira moi mal (CORGA *s.v. cheira*: 109 [1998])
- Esta programación de Nadal cheira a produto caducado (CORGA *s.v. cheira*: 142 [2000])
- O peixe conxelado non gotea nincheira mal (CORGA *s.v. cheira*: 312 [2018])

Asustan (30)

- A maioría das persoas se asustan ante a posibilidade de padecer unha enfermidade (CORGA: *s.v. asustan* 15 [2013]).
- Outro exemplo representativo
 - As rapazas convertéronse en lobos e outros bechos queasustan moito (CORGA *s.v. asustan*: 5 [1998])

Quéimanse (15)

- As sustancias orgánicas quéimanse ou carbonízanse a menos de 100 °C (CORGA: *s. v. quéimanse*: 2 [1989]).
- Outros 2 exemplos representativos
 - As plantas máis delicadas quéimanse en horas (CORGA *s.v. quéimanse*: 30 [1990])
 - Os residuos plásticos quéimanse a miúdo para xerar calor (CORGA *s.v. quéimanse*: 15 [2019])